

Nasce a Corrente Sindical Anticapitalista

GALIZALIVRE :: 16/03/2012

Nace en Galiza la Corriente Sindical Anticapitalista

Galego

O sábado pasado presentou-se publicamente en Ferrol a Corrente Sindical Anticapitalista, con un acto que entre militantes e convidados ateigou unha sala dos cinemas Dúplex, no barrio de Esteiro.

Contra o pactismo

Ana Moedo, integrante da Executiva da CIG no Porrinho, e Óscar Peres, ex-membro da Executiva da CIG en Ferrol, fôron os encargados de tomar a palabra para perfilar as liñas identificadoras da nova corrente. Ana, traballadora numha conserveira, insistiu no papel protagonista das mulleres na liuta "do proletariado consciente", enquanto Óscar, traballador da construción, repassou a pequena historia da CSA e a súa aposta por un sindicalismo "baseado na soberanía das asembleas de traballadores e traballadoras", contrario "ao verticalismo e ás tendencias burocráticas e pactistas".

O acto, celebrado o Día da Clase Obreira Galega, concluiu con a lembranza de traballadores asasinados ou encarcerados pola súa liuta, concretamente fôron mencionados Amador e Daniel, Reboiras e os presos políticos vigueses Telmo e Miguel. O acto concluiu con o canto da Internacional e o Hino da Pátria, e à tarde os asistentes participáron na mobilización convocada pola CIG en Ferrol.

Corrente sindical da "esquerda independentista e anticapitalista"

A Corrente Sindical Anticapitalista define-se como "unha corrente sindical enquadrada nos parámetros da esquerda independentista e anticapitalista galega, comprometida con a liuta pola liberdade nacional da nosa Pátria e a construción de unha sociedade socialista, superadora do Patriarcado". Segundo os textos publicados na súa páxina web, poderían aderir à CSA traballadores filiados a calquera sindicato, ou mesmo a nengun. O principal ámbito de traballo é a CIG, central à que porém dedican a maioría das súas críticas, acusando-a de vivir un proceso de "aggiornamento", de submeter-se "aos ritmos e necesidades do sindicalismo español" e de un "gradual abandono de posicións combativas". Sobre a CUT, reconhecen que no seu seio "están integrados sectores do proletariado galego máis avanzado", mas culpabiliza à dirección da FPG de non ter conseguido os obxectivos para os que foi fundada e de ter liquidado a pluralidade interna.

Castellano

El sábado pasado se presentó publicamente en Ferrol la Corriente Sindical Anticapitalista, con un acto que entre militantes e invitados llenó una sala de cines Duplex, en el barrio de Esteiro.

Contra el pactismo

Ana Amoedo, integrante de la Ejecutiva de la CIG en Porriño y Oscar Pérez, exmiembro de la Ejecutiva de la CIG en Ferrol, fueron los encargados de tomar la palabra para perfilar las líneas identificadoras de la nueva corriente. Ana, trabajadora en una conservera, insistió en el papel protagonista de las mujeres en la lucha “del proletariado consciente”, mientras Oscar, trabajador de la construcción, repasó la pequeña historia de la CSA y su apuesta por un sindicalismo “basado en la soberanía de las asambleas de trabajadores y trabajadoras” contrario al verticalismo y a las tendencias burocráticas y pactistas”.

El acto celebrado el Día de la Clase Obrera Galega, concluyó con el recuerdo de trabajadores asesinados o encarcelados por su lucha, concretamente fueron mencionados Amador y Daniel, Reboiras y los presos políticos viueses Telmo y Miguel. El acto concluyó con el canto de la Internacional y el Himno de la Patria, y por la tarde los asistentes participaron en la movilización convocada por la CIG en Ferrol.

Corriente sindical de la “izquierda independentista y anticapitalista”

La Corriente Sindical Anticapitalista se define como “una corriente sindical encuadrada en los parámetros de la izquierda independentista y anticapitalista galega, comprometida con la lucha por la liberación nacional de nuestra Patria y la construcción de una sociedad socialista, superadora del Patriarcado”. Según los textos publicados en su página web, podrían adherirse la CSA, trabajadores afiliados a cualquier sindicato, o incluso a ninguno. El principal ámbito de trabajo es la CIG, central a la que sin embargo, dedican la mayoría de sus críticas, acusándola de vivir un proceso de “aggiornamento”, de someterse “a los ritmos y necesidades del sindicalismo español” y de un gradual abandono de posiciones combativas”. Sobre la CUT, reconocen que en su seno “están integrados por sectores galego más avanzado”, pero culpabiliza a la dirección de la FPG de no haber conseguido los objetivos para los que fue fundada y de haber liquidado la pluralidad interna.

<https://galiza.lahaine.org/nasce-a-corrente-sindical-anticapitalist>